

modesto fraga adagio por outono



1º PREMIO XLI EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA

alvarellos
EDITORIA

Fotografía: Alba Rodríguez




MODESTO FRAGA MOURE (Fisterra, 1974) é poeta e narrador. Realizou estudos de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago, formou parte do Batallón Literario da Costa da Morte e foi integrante do consello editorial de Letras de Cal. Os seus versos levan colleitado numerosos recoñecementos, entre os que destacan o Premio Avelina Valladares (1997), Premio O Grelo-Amigos de Galicia (1997), Premio Rosalía de Castro (1998), Premio Francisco Añón (1998), Premio do Seminario de Estudos Comarcais (2012), XLI Certame Literario Concello de Vilalba (2015) ou o XIX Premio de Poesía Concello de Carral (2016). É autor dos seguintes libros de poemas: *Do amor salgado* (1997), *Mar de ausencias* (1999. 1^a ed.), *Ese estranxo silencio* (2002), *Derrotas con raíces* (2007), *Mar de ausencias* (2009. 2^a ed.), *Atlántica luz. Poesía mareira 1995-2015* (2015), *Devalar sen pel* (no prelo). Ademais, publicou o ensaio *Fisterra, a derradeira perla de occidente* (2014) e coordinou, con Miro Villar, a antoloxía *De Pondal ao Batallón Literario. 120 anos de poesía na Costa da Morte* (2009).





*ADAGIO POR OUTONO, de Modesto Fraga,
obtivo no ano 2015 o Primeiro Premio da XLI edición do
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José Antonio Pita Paz
(presidente), Darío Villanueva Prieto, M^a Carmen Gueimunde
González, Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*



Imaxe da dobre páxina anterior:
músicos no Pórtico da Gloria (século XII). Catedral de Santiago.
Fotografía: Turismo de Galicia.

MODESTO FRAGA

ADAGIO POR OUTONO

alvarellos
EDITORIA

Libros do Sarela

© ALVARELLOS EDITORA, 2016

Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

© Modesto Fraga Moure

© Limiar: María Teresa Seara Domínguez

Deseño e maquetación: Alvarellos Editora
Impreso en Podiprint

Depósito Legal C 1031-2016
ISBN 978-84-16460-10-6

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algúun fragmento desta obra.

LIMIAR

Alta sinfonía do amor

No século XIII, o Dolce Stil Nuovo ultrapasou a lírica trobadoresca para proponer uns novos moldes estéticos que sitúan á muller no centro do poema dado que o amor será a única força capaz de sublimar a realidade até o seu punto máis álxido. Seguían, neste aspecto, as ensinanzas de Platón quen entendeu que a contemplación da fermosura feminina é o primeiro paso dunha escala que, tras percorrer varias fases –o aprezo da excelencia moral, o diálogo coa natureza e a lectura da arte como coñecemento supremo–, eleva ao ser até a divindade, entendida esta como Beleza pura. Mais este culmen só é accesible a quen se desposúa de si mesmo para (ex)poñerse totalmente nas mans da amante xa que o amor, esa loucura desmedida, é o verdadeiro motor do ser humano. Non en van escribía Dante Alighieri que, como auténtico corazón do universo, move o Sol e as estrelas. E tamén Petrarca indicou que o amor “un alma en doux corpos gorece” pois refunde aos seres que, como relata o mito platónico, eran orixinariamente andróxinos ao reuniren nun só organismo o masculino e o feminino. Ofendidos pola súa fortaleza sobrehumana, os deuses castigáronos coa escisión e, a partir dese momento, as dúas metades buscarán, sen descanso,

ao outro que de certo os completa para, en atopándoo, restauraren felices a súa integridade primeira e o vínculo amoroso que os unía.

Foron moitos os autores que, pasado o momento auroral, trataron de revivir os moldes do Dolce Stil Nuovo e esta longa nómina arriquécese agora co nome de Modesto Fraga quen neste libro, *Adagio por outono* –merecidamente galardonado no XLI Certame Literario do Concello de Vilalba–, bota man dos modos stilnovistas para compoñer un poemario espléndido, unha alta sinfonía do amor onde todo é tocado polo milagre dunha luz que emana da palabra poética non só en forma de beldade senón como sabedoría. Así, Modesto Fraga, autor de xa longo oficio, inicia a presente obra cunha “Alba de luz” –que, parafraseando a Castelao, podería lerse asemade como unha alba de gloria– onde a amada fai a súa primeira aparición irradiando unha luz reconfortante. Por medio desta refuxencia o amor actúa xa nos versos inaugurais como quería Cavalcanti, é dicir, ao xeito de “diafaneidade / de luz nunha escuridade” que abafaba ao eu nun vivir tan solitario, griseiro e irreal que o leva a exclamar: “antes de te encontrar nada era certo”. Así, a epifanía que evidencian os dous significados do termo ‘alba’ solapados nos poemas –amencer e brancura primixenia– condúcenos cara aos territorios do soño e da quimera, do milagre dunha vida que se ilumina cando o fulgor desterra dela a luz outonal e decadente da monotonía:

Antes de te soñar, o desconcerto
foi sombra, lúa gris, na noite esquiva,

entre rochas auríferas, mar viva
montañas e crepusculos, deserto.

E apareciches ti entre a penumbra
traendo luz acesa ao meu retiro,
nubes de ensoñación e primavera.

Investido deste albor vivificante, o eu decátase de que todo o que na súa vida era desolación cae derrotado pola luz segundo se van introducindo nos versos unha gran cantidade de termos que, pertencentes ao campo semántico do luminoso, manifestan a gradación de intensidade deste elemento. A luminaria, purísima, evolúe desde a “aurora” ao “solpor” –ou mesmo ao “luar”– e progrésa dun xeito simultáneo ao amor que une nun só ser –“Ti + eu: nós”, lemos no título dun poema–, ao eu e á amada. Polo tanto, nos versos deste libro, a luz é un milagre salvífico que eleva aos seres até o *joie de vivre*, esa radical certidume de que a vida é fundamentalmente un tempo para a alegria compartida.

A “adorada confidente” que trae “a frescura, a auga da fonte, / a cálida dozura” á vida do eu reúne, por un lado, as virtudes da *donna angelicata* propia dos stilnovistas na súa evidente beleza e no fulgor que dela emana pero, por outro lado, aproxímase ás féminas da lírica trobadoresca ao revestirse dunha carnalidade sensual. Frente á perfección das damas do *trecento* que as eleva á categoría do desmaterializado e, xa que logo, as converte en intocables, a amada de *Adagio por outono* é un ser que desexa e satisfai o seu impulso erótico mediante unha sensualidade

que ultrapasa o encontro dos corpos para impregnar a propia palabra coa ambrosía dos bicos, con “olorosas caricias” e co néctar desbordante da luxuria. Nos poemas, a comuñón erótica exprésase por medio de múltiples referencias a todos os sentidos corporais que, postos sempre ao servizo da connotación dun amor desmesurado e gozoso, lle aportan ao verso o gusto do exquisito, as cores más brillantes, certos perfumes sensuais e a ardentía dos aloumiños mentres o oído se deleita en ritmos sincopados que van do suspiro ao *adagio* e deste ao *allegro* incluíndo mesmo fértiles silencios porque, como sabe o eu, “a música sería o que evidencio / todos os días cando nos amamos”, nada menos que unha triunfal sinfonía de amor. Esta musicalidade, lograda tamén no verso mediante a innegable excelencia métrica do soneto –xa dixo Boileau que “un soneto perfecto vale por un longo poema”–, sinálanos o ritmo interno e celebrativo dunha fonda querenza que logra, como quería Platón, poñer en marcha o proceso que nos guía até o absoluto, esa Beleza pura que, como o propio amor, sempre nos sobrecolle.

Mais, nunha das etapas desta escala cara á perfección, o eu desvía a mirada á arte, sobre todo nas partes segunda (“Pórtico”) e terceira (“Ao modo do Dolce Stil Novo”) do libro. Abríndose ao deslumbramento do incógnito, a arte poboa os versos de Modesto Fraga como unha linguaxe de amor que se comprece na sabedoría e posúe a capacidade de facer que a súa contemplación nos transforme. De certo renacemos outros tocados pola dozura dos cadros de Rafael ou deixándonos seducir pola grandiosi-

dade do Pórtico da Gloria, aprendemos a adoptar a altiveza das figuras de Donatello fronte ao enigma eterno que expón Da Vinci ou permitimos que Camões e outros grandes vates nos fagan de guía polos mares incógnitos dun verso que, ás veces, recrea grandes sagas e, outras, se doe coa sorte nefasta do pastor Nemoroso ou chora por Inés de Castro. É indubidable que a linguaxe artística, como tamén a musical e a poética, contén cifrado no seu código arcano o milagre da existencia, a historia dos pobos, as rutas do incógnito... e transmítenos estes saberes por medio de gozosas revelacións que, en moitos casos, consisten simplemente en deitar unha mirada distinta sobre o xa por nós coñecido. Así conclúese que a beleza é tamén entendemento, ciencia iluminativa, por iso

os lugares comúns
son agora, de pronto,
o centro do Universo.

Mientras todo renace
algo de nós habita no pórtico da vida

na luz que nunca deja de alumbar
sobre as escuras sombras
da nada e más do todo.

Neste punto, o eu apela á palabra “para coa miña voz erguer o canto / e combater cantando o desalento” porque “os poemas son vento, verso, acougo” para quen neles se comprace. Mais a palabra –aín-

da sendo luz, termo xenésico, materia “eterna, viva, sempre luminosa” – amósase a miúdo incompleta para expresar en toda a súa plenitude o que queremos transmitir. Desexando paliar esta deficiencia, Modesto Fraga bota man de dúas estratexias. Deixar, primeiro, que por baixo do seu discurso poético ondulen os ecos doutras voces da literatura –nosa e universal– traendo, á vez, ao presente a certos personaxes míticos como Ulises e Penélope, Sherezade, Merlin ou Simbad que, coa súa soa mención, evocan mil resonancias adoito relacionadas co amor, coa aventura e coa maxia das palabras. Ou ben –como xa ten feito noutros libros, o último deles *Atlántica luz*– voltar os ollos á natureza que, grazas á súa plenitude vizosa, se converte en espello dun amor inscrito na orografía das illas e no fero mar do Rostro. A paisaxe fisterrá, nai nutricia do poeta, desempeña neste libro o rol de portavoz dun eu que decide outorgarlle, por veces, preeminencia ás mareas, ao orballo, aos pexegueiros ou á pedra para que, no seu rumor ancestral, nos poñan en contacto directo con ese saber arcano, inefable, do que todos os elementos naturais non só participan senón que son eternos transmisores. Xa que logo, nin sequera a momentánea carencia léxica que padece o eu lle vai impedir revelarnos a fondura do seu amor porque, como ben escribe nun poema,

Se algún día nos faltan as palabras
deixemos que nos falen os murmurios,
os cantos dos paxaros, a chorima,

o mar, o vento, o río, aquelas cousas
que sempre compartimos, o que queda
se algún día nos faltan as palabras

Os últimos acordes desta alta partitura que Modesto Fraga compuxo en *Adagio por outono* reivindican un espazo para o soño e a quimera, a casa do amor sempre aberta, o punto exacto da dozura que reside nesas coordenadas onde a luz se tornou confortante e o derradeiro verso é xa bandeira:

sempre e despois, eu quedome contigo.

TERESA SEARA

Para Alba, cada partitura, cada verso

Estás no peito, eiquí, lume acendido

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA

I
SINFONÍA DO CORPO

ALBA DE LUZ

Antes de te encontrar nada era certo
pensei imaxinarte esvelta, altiva,
reterte nos meus soños, fuxitiva
coma unha dorna libre en mar aberto.

Antes de te soñar, o desconcerto
foi sombra, lúa gris, na noite esquiva,
entre rochas auríferas, mar viva
montañas e crepúsculos, deserto.

E apareciches ti entre a penumbra
traendo luz acesa ao meu retiro,
nubes de ensoñación e primavera.

Pensei que fora un soño, unha quimera
unha ilusión fugaz que se vislumbra
coma un suspiro apenas, un suspiro.

MONA LISA

Con que estraño fulgor apareciches
envolta en mesta néboa, mar e brisa,
con esa ollada limpia, Mona Lisa,
naquel solpor de outono en que volviches?

Con que frechas de amor me seduciches
naquelas augas nas que se divisa
o fero mar de Rostro, a túa risa,
a enigmática luz da que saíches?

O vento do nordés con cada onda
deita bruares xordos e lamentos
e un resplandor de ardora pecha o día.

Ao lonxe singran barcos, van cos ventos,
alguén menciona o nome da Gioconda
sería Leonardo ou non sería?

ÍTACA(S)

A nosa historia é un mar que non se acaba
alba e solpor de terras ben remotas,
verdísimo verxel de illas ignotas,
atlántico volcán de chuvia e lava.

A nosa historia é o mar co que soñaba
Ulises cando en medio das derrotas
os cantos das sirenas, as gaivotas
anunciaban a luz que se apagaba.

Non hai Ursa Maior, Rosa dos Ventos
Ítacas que singrar nesta aventura
de ser, de ollar atrás, ver o que fomos.

A patria, como a vida, son momentos:
non hai máis horizontes nin tenrura
que naufragar na illa que hoxe somos.

ADORADA CONFIDENTE

Somos, amor, a illa que coa ardora
na enchente das mareas se divisa,
a mornura do vento, a suave brisa
a claridade que devén á aurora.

Cae o solpor e nós alí, atalora
en medio do luar na noite envisa
extasiados de amor, coa pel submisa
como animais exhaustos na deshora.

De súpeto as caricias e os abrazos
como faíscas prenden tralo abrente
na delicada luz das madrugadas.

Son deliciosas perlas nacaradas
que me han levar axiña, de repente,
á cálida ambrosía dos teus brazos.

Vinte chegar coa luz do mediodía
na liña divisoria do horizonte.

Traías a frescura, a auga da fonte,
a cálida dozura da outonía.

Vinte chegar mentres a luz seguía
alumeando o mar, a vila, o monte;
e alí estabas ti, óllando a ponte,
absorta no silencio e na alegría.

Fun presto ao teu encontro, decidido,
algúns din temoroso, eu digo, inquedo;
inquedo ou temoroso, nada importa.

Eu fun e ti viñeches ledas, absorta,
como exquisita uva de viñedo
a embriagarme o padal de amor prohibido.

Outros *Líbros do Sarela*
de ALVARELLOS EDITORA

ROSA TÁNTRICA

Luz Pozo Garza

[Novidade editorial, 2016]

SOBRE RUÍNAS

Xesús Rábade Paredes

Premio da Edición de Galicia 2013

Premio Fervenzas Literarias 2013

Finalista Premio AELG 2013

OS PRIVILEXIOS DOS SOMNÁMBULOS

Pablo Bouza

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2013

Finalista Premios da Edición de Galicia 2014

QUENDA DA CATIVIDADE

Xoán X. Piñeiro

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2012

ABRINDO FIESTAS EN CARNE VIVA

Carlos Pereira

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2011

Finalista Premios Iª Gala do Libro Galego 2016

CATAVENTO DE NEUTROS

DOMESTICADOS

Manuel María

Introducción e estudo de Camilo G. Torres

[Letras Galegas 2016]

POEMAS DE RUXIDO E BARRUZO

Paulino Pereiro

2º Premio Certame Literario de Vilalba 2015

Ver catálogo en alvarellos.info

«Unha alta sinfonía do amor onde todo é tocado polo milagre dunha luz que emana da palabra poética». De tal xeito define a profesora Teresa Seara, no Limiar, a paixón lírica que destilan estes novos versos de Modesto Fraga, escritor de longa e premiada traxectoria literaria que suma, aos moitos recoñecementos recibidos, este primeiro premio de 2015 no XLI Certame Literario do Concello de Vilalba.

Adagio por outono é unha homenaxe a aqueles poetas italianos que, no século XIII, foron quen de rachar coa tradición e situar á muller no centro da súa lírica, e ao sentimento amoroso no cerne da súa revolución estética e da súa esperanza. Foron coñecidos como o Dolce Stil Novo.

Modesto Fraga escolle da tradición a arquitectura plena do soneto e dende ela transita ata o verso libre. Camiñamos, coa súa palabra, a través de Florencia, contemplamos a dozura dos lenzos de Rafael, abraiámonos ante o Pórtico da Gloria en Compostela, ou asistimos a un banquete poético onde se dan cita escollidas voces da literatura e da arte universais de todos os tempos.

Cada lector, cada lectora, atopará aquí poderosas razóns para vivir más vidas e más fondas a través da poesía e do amor.



Concello de Vilalba

Libros do Sarela

A standard linear barcode is displayed. Below the barcode, the number "9 788416 460106" is printed.



DEPUTACIÓN
DE LUGO


Cultura